



CONCELLO DE REDONDELA

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DO CENTRO DE DEPORTES ACUÁTICOS DE CHAPELA

ARTIGO 1.—NATUREZA E FUNDAMENTO.

no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello acorda a imposición e ordenación da taxa por prestación do servizo do centro de deportes acuáticos de Chapela, atendendo as súas normas ao disposto no artigo 57 do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúen o feito imponible da presente taxa a utilización da instalación deportiva do Centro de deportes acuáticos de Chapela especificados na tarifa desta taxa.

ARTIGO 3.—SUXEITOS PASIVOS.

serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 36 da Lei xeral tributaria e 23 do real Decreto Lexislativo 2/2004 que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

ARTIGO 4.—RESPONSÁBEIS.

4.1 serán responsábeis solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas á que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

4.2 serán responsábeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.



CONCELLO DE REDONDELA

ARTIGO 5.—COTA TRIBUTARIA.

5.1 A cota desta taxa será a que figura deseguido.

SERVIZO	PREZO/MES SEN IVE(€)	
Abonados/as:		
Individual de mañá	21,00	
Individual xeral	24,70	
Familiar 2/3 membros	31,00	
Familiar 4 ou máis membros	35,00	
Abono especial (maiores de 65, discapacitados e ingresos reducidos).	19,00	
Cota de excedencia	8,00	
Matrícula abonado e cursillista	25,00	
Abono xuvenil (ata 18 anos inclusive)	19,00	
Non abonados/as:		
Entrada libre adulto (prezo/día)	6,00	
Entrada Libre neno	2,50	
CURSOS para aboados	1 día por semán	2 días por semán
Cursos realizados na piscina	4,75	9,50
CURSOS para NON aboados		
Cursos	11,00	22,00



5.2 Para poder disfrutar do abono especial, o usuario deberá atoparse nun dos seguintes casos e posuír a documentación a continuación esixida:

i. maiores de 65 anos. Para disfrutar da tarifa reducida deberá constar no carné de usuario/a a circunstancia aducida. o/a usuario/a deberá acreditar ao realizar a inscrición a súa idade mediante a presentación de fotocopia autenticada do seu Dni.

ii. Colectivos discapacitados. Para disfrutar da tarifa reducida deberá presentar a tarxeta Acreditativa do Grado de Discapacidade ou entregar fotocopias compulsadas da Certificación de minusvalía vixente e do Ditame técnico Facultativo emitido polo serGAs, e que esta minusvalía sexa superior a un 65 %.

iii. Colectivos con baixo nivel de renda. Para disfrutar da tarifa reducida deberá constar no carné de usuario/a a circunstancia aducida. o/a usuario/a deberá acreditar que a totalidades dos ingresos familiares proveñen da risGA ou outro réxime de protección pública análogo mediante copia autenticada da resolución de concesión en vigor e informe dos servizos sociais do Concello.

Para poder disfrutar do abono xuvenil, o usuario deberá acreditar ao realizar a inscrición a súa idade mediante a presentación de fotocopia autenticada do seu Dni.

5.3 o concesionario poderá aplicar tarifas máis reducidas que deberán aplicarse aos usuarios de forma non discriminatoria.

5.4 os prezos contidos neste artigo veranse incrementados coa aplicación do correspondente iVe.

ARTIGO 6.—BENEFICIOS FISCAIS.

só se admitirán os beneficios que veñan estabelecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 7.—PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

o período impositivo coincidirá, nos aboados ao centro de deportes acuáticos de Chapela, co mes natural, devengándose o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irreducibles por dito período.

As tarifas que deban satisfacer os non aboados ao centro de deportes acuáticos de Chapela devengaranse instantaneamente no momento de acceder ás instalacións ou de formular a solicitude, se de actividades se tratara.

o período impositivo, nos cursos impartidos pola entidade xestora do centro de deportes acuáticos de Chapela, coincidirá co período de desenvolvemento do curso, devengándose o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irreducibles por dito período.



CONCELLO DE REDONDELA

ARTIGO 8.—NORMAS DE XESTIÓN.

mensualmente, pola entidade xestora do centro de deportes acuáticos de Chapela, elaborárase un padrón de aboados para o cobro mensual das correspondentes cotas tributarias. o impago das mesmas ocasionará a imposibilidade de acceso ás instalacións. Acumulados dous recibos pendentes de cobro, o aboadado causará baixa no Padrón, debendo, no caso de nova solicitude de aboadado á piscina, aboar a matrícula correspondente.

no caso de aboados e as/os usuarias/os dos cursos que haxa que satisfacer unha tarifa, o pagamento realizarase mediante domiciliación bancaria.

ARTIGO 9.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

en todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei Xeral tributaria.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BoP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Contra a aprobación definitiva desta ordenanza unicamente poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a sala do Contencioso-Administrativo do tribunal superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a publicación da ordenanza no Boletín oficial da Provincia.

redondela, 26 de agosto de 2013.—o Alcalde, Javier Bas Corugeira.
2013007632

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP número 166, do 30.08.2013